



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



XXVII CICLO
CONCERTOS DE OUTONO
2025

XXVII CICLO CONCERTOS DE OUTONO 2025

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña **Sede:** Salón de actos **Horario:** 12.30 h **Entrada libre**

Todos os concertos celebraranse os domingos ás 12.30 h. Ciclo de música dedicado a intérpretes e profesionais galegos

Domingo, 26 de outubro

Rafa Fernández Guitarra

acústica

Benxamín Otero

oboe e corno inglés

Iván Torres

videocreación

**Domingo,
9 de novembro**

ADHARA DÚO

Mariana Moita

violín

Lara Martínez

piano

**Domingo,
16 de novembro**

Paula Ríos

piano

**Domingo,
30 de novembro**

LA MORESCA

Paloma Friedhoff soprano

Uxía Delgado

guitarra barroca, tiorba

e guitarra romántica

Pablo Ruibal

viola da gamba

e guitarra barroca

PROGRAMA

**"Suárez, suite
para unha vida"**

Rafa Fernández

Galicia e os mariñeiros

Exilio

**Xapón e a súa
espiritualidade**

Retorno e morte

O proxecto **"SUÁREZ"** nace coa idea de homenaxear a vida e a obra de José Suárez, tal vez o fotógrafo galego máis recoñecido internacionalmente. A obra consiste nun concerto de música orixinal mentres ten lugar unha videocreación en vivo con fotografía orixinal dixitalizada, así como fragmentos de 8 mm tamén dixitalizados para a ocasión. O proxecto conta coa dirección artística do músico Rafael Fernández e estase a elaborar de man co sobriño do fotógrafo, Xosé Luis Suárez Canal. Durante o espectáculo **"SUÁREZ"** assistiremos a un percorrido pola vida e obra do fotógrafo en catro partes. Cada una destas catro partes está pensada para ofrecer unha dimensión maior do que foi a vida e a súa vida e a súa obra. Isto levarase a cabo grazas a unha música atmosférica e por momentos descriptiva, sustentada e inspirada nas fotografías, así como no momento vital do protagonista.




MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



Issac Díaz Pardo
A barca de Caronte,
1955





MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



XXVII CICLO
CONCERTOS DE OUTONO
2025

XXVII CICLO CONCERTOS DE OUTONO 2025

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña **Sede:** Salón de actos **Horario:** 12.30 h **Entrada libre**

Todos os concertos celebraranse os domingos. Ciclo de música dedicado a intérpretes e profesionais galegos

Domingo,
26 de outubro

Rafa Fernández Guitarra
acústica
Benxamín Otero oboe
e corno inglés
Iván Torres
videocreación

Domingo,
9 de novembro

ADHARA DÚO
Mariana Moita
violín
Lara Martínez
piano

Domingo,
16 de novembro

Paula Ríos
piano

Domingo,
30 de novembro

LA MORESCA
Paloma Friedhoff soprano
Uxía Delgado
guitarra barroca, tiorba
e guitarra romántica
Pablo Ruibal
viola da gamba
e guitarra barroca

PROGRAMA

Nocturno para violín e piano

Joly Braga Santos
(1924–1988)

Sonata para violín e piano n.º 4

Grazyna Bacewicz
(1909–1969)

1. Moderato
– Allegro non troppo
2. Andante ma non troppo
3. Scherzo – Molto vivo
4. Finale. Con passione

Jhula Jhule

Reena Esmail
(1983)

Suite Popular Española

Manuel de Falla
(1876–1946)

1. El Paño Moruno
2. Nana
3. Polo
4. Asturiana
5. Jota

ADHARA DÚO Nace en Utrecht Conservatory en 2021, e toma o seu nome da estrela Adhara, que en tempos pasados iluminaba o ceo nocturno cun esplendor inigualable. Esta imaxe simboliza aquelas obras e compositores que, aínda que no seu tempo gozaron de recoñecemento, foron relegados ao esquecemento polo transcurso da historia. A súa traxectoria inclúe destacadas actuacións en festivais como o Círculo Musical da Bairrada (Aveiro) e Madrid a Tempo, e en auditorios como Museo Nogueira da Silva (Braga), Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela e Madrid Music Hall, entre outros.

MARIANA MOITA (Aveiro, 1998) Iniciou os seus estudos de violín no Conservatorio de Música de Aveiro coa profesora Ana S. Mota, finalizándoos en 2020 no Conservatorio de Utrecht, baixo a tutela de E. Perry, e completando o seu último ano no Real Conservatorio de Gante (Bélxica) con W. Aerts. Obtivo o Máster en Ensino da Música pola Universidade de Aveiro e ampliou a súa formación a través de clases maxistras con recoñecidos violinistas como H. Shaham, E. Sluys, A. Margulis, E. Haffner, S. Mueller, E. Lawson e I. Grubert. Na tempada 2023-24 foi seleccionada como academista na Orquestra Metropolitana de Lisboa, onde cursou o Posgraduado en Interpretación Orquestral Avanzada, incorporándose como membro da orquestra na tempada seguinte. Actualmente combina a docencia coa interpretación orquestral, colaborando de forma habitual coa Orquestra Metropolitana de Lisboa, Orquestra Gulbenkian, Orquestra de Cámara Portuguesa e diversos proxectos de música de cámara.

LARA MARTÍNEZ TABOADA (Santiago de Compostela, 1997) Inicia os seus estudos de piano con M. Vizoso Pérez en Santiago, completándoos en Madrid con I. Citera. Posteriormente cursa un Máster en Interpretación Solista en Utrecht Conservatorium e amplía a súa formación realizando un posgraduado en MUSIKENE xunto a M. Zabaleta, así como un Máster en Investigación Musical pola UNIR. Recibiu o consello de pianistas como R. Wagner, C. Martínez-Mehner, K. Würtz, V. Samoshko, K. Moretti ou J. Pérez Floristán, entre outros. En 2025 é seleccionada para o Programa Crescendo do Teatro Real, onde se perfeccionou en acompañamento vocal e correpetición, traballando xunto á mestra P. Barton, e acompañando masterclasses de destacadas figuras. Ao longo da súa carreira, debutou en salas como Teatr Królewski (Varsovia), Tivoli Vredenburg (Utrecht), Teatro Real e Auditorio Nacional de Música de Madrid, e foi convidada a festivais como XII Festival Internacional de Música de Cámara de Godella, Quincena Clásica de Carboeiras, Ciclo de Cámara Salinas da Palma, Ciclo Primavera de l'Aula de Música de Valencia, Círculo de Cultura Musical da Bairrada (Aveiro, Portugal) ou KlaraBox Festival de Bruxelas. Traballou como docente e pianista repertorista no Conservatorio Profesional de Música de Culleredo (A Coruña) e no Conservatorio Profesional de Música Victoria de los Ángeles (Madrid). Actualmente, é profesora de piano na Escola Superior de Canto de Madrid. A súa traxectoria conta co apoio de institucións como a Deputación da Coruña, a Comunidad de Madrid e a Universidade Alfonso X O Sabio.



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



Issac Díaz Pardo
A barca de Caronte,
1995





MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



XXVII CICLO
CONCERTOS DE OUTONO
2025

XXVII CICLO CONCERTOS DE OUTONO 2025

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña **Sede:** Salón de actos **Horario:** 12.30 h **Entrada libre**

Todos os concertos celebraranse os domingos. Ciclo de música dedicado a intérpretes e profesionais galegos

Domingo,
26 de outubro

Rafa Fernández Guitarra
acústica
Benxamín Otero oboe
e corno inglés
Iván Torres videocreación

Domingo,
9 de novembro

ADHARA DÚO
Mariana Moita
violín
Lara Martínez
piano

Domingo,
16 de novembro

Paula Ríos
piano

Domingo,
30 de novembro

LA MORESCA
Paloma Friedhoff soprano
Uxía Delgado
guitarra barroca, tiorba
e guitarra romántica
Pablo Ruibal
viola da gamba
e guitarra barroca

PROGRAMA

A MÚSICA DA XENERACIÓN DO 27

I

Petite Suite (1932)

– Moderato
– Poco adagio, molto espressivo
– Allegretto
– Allegro

Rosa García Ascot (1902-2002)

De Circo (1923):

El oso triste
Vals de los mosquitos
Juan José Mantecón (1897-1964)

Danzas del ballet "Sonatina" (1927)

Danza de la pastora
Danza de la gitana
Ernesto Halffter (1905-1989)

Tres danzas do ballet "La romería de los cornudos" (1929)

Danza de la hoguera
Danza de Chivato
Baile del requiebro y la coquetería
Gustavo Pittaluga (1876-1956)

II

Dúas sonatas de El Escorial (1928)

1. A Rafael Alberti
2. A Esteban Salazar y Chapela
Rodolfo Halffter (1900-1987)

El parc d'atraccions (1924)

L'orgue des cavallets
El tumult desvetlla recorts
Abstraccions
Polca de l'equilibrista
La terrasa i la música militar
Prop del dancing
Manuel Blancafort (1897-1987)

Tres danzas de El sombrero de tres picos (1921)

Danza de los vecinos (Seguidillas)
Danza del molinero (Farruca)
Danza de la molinera (Fandango)
Manuel de Falla (1876-1946)

PAULA RÍOS Descrita como unha intérprete de forte personalidade, refinada técnica e orixinalidade nas súas propostas, Paula Ríos desenvolve unha intensa actividade como solista en España, Reino Unido, Francia, Italia, Hungría, Suíza, Alemaña, Portugal e Arxentina, e realizou gravacións para RNE, TVE, Radio Suisse Romande, TVG, IB3 e RG. Investiga intensamente o repertorio do nacionalismo e as vangardas en España. É convidada a conferencias e congresos, e leva a cabo proxectos con danza española. O seu CD «Vento de Prata» (Columna Música) recupera a obra de Jesús Bal y Gay e Rosa García Ascot, compositores da Xeración do 27. O seu próximo disco estará tamén dedicado a este período. Ademais, estuda a obra de Frédéric Chopin e o inicio do Romanticismo. O seu primeiro CD «Chopin en Mallorca» foi gravado para o Museo Chopin de Valldemossa e presentado pola Chopin Society co piano do compositor en Londres. Desenvolve regularmente proxectos con instrumentos orixinais do s. XIX e actúa con Solistas do NYC Ballet con música de Chopin. Paula Ríos finaliza os seus estudos de Piano con Premio Extraordinario Fin de Carrera no CSM de Vigo con Constantino Pérez, e continúa a súa formación na Musik-Akademie der Stadt Basel (Suíza) con L. Gyimesi e R. Buchbinder, onde recibe o Diploma de Concerto e completa os seus estudos de Solista. Estuda Música de Cámara con G. Wyss, I. Monighetti e R. Schmidt, e Dirección con Hans-Martin Linde na Schola Cantorum Basiliensis. Complementa a súa formación con C. Martínez-Mehner e participa en clases maxistras de E. Leonskaja, A. de Larrocha, P. Anderszewski, R. Wagner, A. Lubimov, A. Jasinski, L. Dedova, D. Bashkurov, E. Virsaladze e J. Achúcarro, entre outros. Obtén varios premios e bolsas da Schweizerische Interpretentstiftung, Lyra Stiftung, Fundación Gil Dávila, Fundación Pedro Barrié de la Maza e Caixanova. O seu terceiro CD «Cantar cos dedos» (Calanda Music), dedicado ao mozo Chopin e outros pianistas virtuosos do seu círculo, levouna de xira a París e Londres. Está a presentar por toda Europa o seu novo disco «When in silence of the soul» (Eudora Records) dedicado integramente a F. Mendelssohn incluíndo varias primeiras gravacións e a Ostersonate, que estreou en varios países baixo a súa correcta autoría.



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



Issac Díaz Pardo
A barca de Caronte,
1955





MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



XXVII CICLO
CONCERTOS DE OUTONO
2025

XXVII CICLO CONCERTOS DE OUTONO 2025

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña **Sede:** Salón de actos **Horario:** 12.30 h **Entrada libre**

Todos os concertos celebraranse os domingos. Ciclo de música dedicado a intérpretes e profesionais galegos

Domingo,
26 de outubro

Rafa Fernández Guitarra
acústica
Benxamín Otero oboe
e corno inglés
Iván Torres
videocreación

Domingo,
9 de novembro

ADHARA DÚO
Mariana Moita
violín
Lara Martínez
piano

Domingo,
16 de novembro

Paula Ríos
piano

Domingo,
30 de novembro

LA MORESCA

Paloma Friedhoff
soprano

Uxía Delgado

guitarra barroca, tiorba
e guitarra romántica

Pablo Ruibal

viola da gamba
e guitarra barroca

PROGRAMA

BREVES HISTORIAS DE AMOR E FORTUNA

Pavaniglia con diversi parte
Giovanni Paolo Foscari
(ca 1600-1647)

Ojos pues me desdenais
Jose Marín (1618-1699)

Tropicábalas
Juan Hidalgo (1614-1685)

If music be the food of love
Henry Purcell (1659-1685)

La soave melodía
Andrea Falconieri (1586-1656)

Fairest isle
Henry Purcell (1659-1685)

Esperar, sentir, morir
Juan Hidalgo (1614-1685)

No hay que decirle el primor
Anónimo (Libro de tonos
humanos, 1656)

Carolán's devotion
Isabella Burke / Sir Ulick Burke
Turlough O'Carolán (1670-1738)

Vals no.6 (12 vases op.57)
Mauro Giuliani (1781-1829)

Mis descuidados ojos
Fernando Sor (1778-1839)

La libertad
Federico Moretti (1769-1839)

And ye shall walk in silk attire
A Highland man
Ye banks and braes
Anónimos escoceses
(Scottish Melodies, arr.
Matthias von Holst, 1825)

LA MORESCA Xorde como unha ampliación do grupo Galante Corde. Neste novo proxecto, o dúo transformase en trío para abordar música dos séculos XVII e XVIII. O seu amplo repertorio inclúe obras españolas cantadas no teatro, pezas do arquivo da Catedral de Santiago, música italiana, para acabar con pezas irlandesas e escocesas e música do romanticismo temperán español. Os compoñentes da agrupación teñen unha dilatada experiencia na música barroca e clásica utilizando sempre técnicas musicais das épocas nos instrumentos orixinais para as que foron concibidas. Ten actuado en ciclos como Espazos Sonoros ou Ribadeo Ilustrado e os seus membros teñen participado nalgúns dos ciclos e principais escenarios históricos peninsulares como parte doutros moitos grupos. Entre os seus proxectos de futuro destacan un recital no Festival Boadilla Clásicos, na Casa de Granada de Madrid e en Pontevedra.

PALOMA FRIEDHOFF BELLO Gañou premios en certames internacionais en Madrid, Barcelona, Lisboa, Washington DC e o Metropolitan de Nova York. Recentemente cantou o Réquiem de Brahms co Coro e Orquestra Xuvenil Andaluza, Te Deum de Dvorák e Pulcinella de Stravinsky coa Orquestra e Coro Nacionales de España, e a ópera La Nitteti de Nicolò Conforto coa orquestra Nereydas e J. Ulises Illán. Desde 2019 é solista da Film Symphony Orchestra e mantén unha activa traxectoria na música de cámara, cantando en festivais de música antiga e contemporánea en España, así como recitais con piano, vihuela, guitarra barroca e guitarra clásica. Graduada na Escuela Superior de Canto de Madrid e na Hochschule für Musik und Theatre de München, realizou un máster na Universidade de Indiana (EE.UU.) cunha bolsa da Fundación "la Caixa".

UXÍA DELGADO Inicia os seus estudos na Coruña, para continuar guitarra clásica en Madrid con G. Estarellas no RCSMM, especializándose tamén en repertorio antigo e instrumentos de corda renacentistas e barrocos, baixo as ensinanzas de J. Sánchez. Realizou o Grao Superior de Cordas pulsadas renacentistas e barrocas con R. Muñoz no CSM de Vigo. Dende hai varios anos é profesora da mesma especialidade de Corda pulsada antiga no Conservatorio Profesional "Manuel Quiroga" de Pontevedra. Asistiu a varios cursos de música antiga, recibindo clases de P. O'Dette, M. Minguillón, J. C. de Mulder, P. Zapico, M. Pustilnik, E. Mascardi, E. Ferré, J. Hernández Pastor, R. Levitt e H. Smith. Foi e é membro dende hai anos de diversos grupos de repertorio antigo como Capilla Renacentista, Ensemble Thesaurus, Il Parnasso Musicale, Ars Combinatoria, Vox Stellae, L'Unisoni e Scuola del Sospir, así como do grupo Zagales.

PABLO RUIBAL Participa en diversas formacións tocando diferentes instrumentos de corda fretada e pulsada no campo da música antiga, da que é ademais un estudioso recoñecido. Titulado Superior de Guitarra, licenciado en Musicoloxía e Pedagogía, iniciase na viola da gamba con X. Varela e F. Luengo, asistindo a clases deste instrumento con J. Savall, V. Ghielmi, S. Ruiz, J. M. Quintana, M. Middenway e I. Atutxa entre outros, e de interpretación de música antiga con R. Gini, R. Levitt, P. Sousa Silva. Forma parte ou colaborou activamente en diversas formacións emblemáticas como Capela Compostelana, Grupo 1500, La Xácara, L'Unisoni, Música Domestica, Taller do Orfeón Terra a Nosa, Proxecto Vermeer (arredor da música na pintura barroca), In nomine Consort ou Horror Vacui especializados no repertorio renacentista e barroco de Europa e Sudamérica. Participou na realización de diferentes composicións para o teatro como o caso de Fume ou a exposición Ámbitos/entornos/sons. Combina a súa labor artística coa investigación musicolóxica e publicación especializada. É profesor titular do Departamento de Musicoloxía no Conservatorio Superior de A Coruña.